

# MUTILACIÓN XENITAL FEMININA (MXF)

ACTUACIÓN  
ASISTENCIAL


D.L.: C 2033-2016

galicia  
*o bo camiño*

XUNTA  
DE GALICIA


XUNTA DE GALICIA

## TIPOS DE MXF (segundo clasificación da OMS)




### I Tipo I. Clitoridectomía

Resección parcial ou total do clítoris e, en casos moi infrecuentes, só do prepucio (pregadura de pel que rodea o clítoris).



### II Tipo II. Escisión

Resección parcial ou total do clítoris e os beizos menores, con ou sen escisión dos beizos maiores.



### III Tipo III. Infibulación


Estreitamento da abertura vaxinal para crear un selo mediante o corte e a recolocación dos beizos menores ou maiores, con ou sen resección do clítoris.



### IV Tipo IV

Todos os demais procedementos lesivos dos xenitais externos con fins non médicos, tales como a perforación, incisión, raspado ou cauterización da zona xenital (por exemplo: estiramiento dos beizos menores).

## PAÍSES SEGUNDO TIPOS DE MXF



# MUTILACIÓN XENITAL FEMININA (MXF)

ACTUACIÓN ASISTENCIAL

## 1 | NENA/ADOLESCENTE CON FACTORES DE RISCO

### ESPECIAL ATENCIÓN A:

- Establecer unha relación de confianza e linguaxe non culpabilizante.

#### Se pertence a unha familia con nai ou irmás con mutilación practicada

- Actividade orientada á prevención/possible realización da MX.
- Exploración e rexistro na historia clínica da integridade dos seus xenitais.

#### Se vai viaxar ao seu país de orixe

##### A) Actividade preventiva específica:

- Informar das consecuencias sobre a saúde e legais.
- Ofrecer aos seus pais asinar o compromiso preventivo.
- Programar visita médica á volta da viaxe.
- Se existen dúbidas sobre a intención de realizarlle a MX (non acode as citas, non asina o compromiso preventivo, indicio ou manifestación sobre posible práctica de MX):
  - Comunicar a Servizos Sociais (folla de desprotección infantil desde o ámbito sanitario).
- Reforzo positivo.

#### B) Actividade posviaxe

##### Avaliación da situación de saúde ao regreso:

- Se non se produciu MX: reforzo positivo.
- Se hai MX practicada: ver punto 2.
- Se non acode á visita programada:
  - Contactar coa familia e recordar consulta.
  - Comunicar a Servizos Sociais.

TER PRESENTE que a mutilación xenital tamén podería producirse no país de residencia

## 2 | NENA/ADOLESCENTE CON MX PRACTICADA

### ESPECIAL ATENCIÓN A:

- Establecer unha relación de confianza e linguaxe non culpabilizante.
- Nena/adolescente nada en país de risco recentemente chegada.
- Nena/adolescente nada ou residente en España que viaxou ao seu país de orixe (etnia e/ou país de risco).

### ACTUACIÓN CLÍNICA

#### A) Consulta programada

- Exploración e avaliación do estado da MX practicada: cicatrices, elasticidade dos tecidos, etc.
- Avaliar situación psicosocial.
- Rexistro na historia clínica.
- Emisión do parte de lesións.
- Comunicar ao Equipo Técnico de Menores.
- Planificar e derivar aos servizos que garanten a súa saúde física e psicolóxica.

#### B) Atención nos servizos de urxencias

- Exploración física.
- Emisión do parte de lesións.
- No caso de MX recente, derivación para ingreso hospitalario.

## 3 | MULLER ADULTA CON FACTORES DE RISCO

### ESPECIAL ATENCIÓN A:

- Establecer unha relación de confianza e linguaxe non culpabilizante.

#### Se pertence a unha familia con nai ou irmás con mutilación practicada

- Actividade orientada á prevención/possible realización da MX.
- Exploración e rexistro na historia clínica da integridade dos seus xenitais.

#### Se vai viaxar ao seu país de orixe

- Exploración física se a solicita ou consente.
- Anotación na historia clínica dos achados.
- Reforzo positivo.
- Programar visita médica ao regreso.

#### Possible matrimonio

- Explorar as crenzas que sobre mutilación xenital ten ela e a familia da parella/futuro marido.

■ **TER PRESENTE** que a mutilación xenital tamén podería producirse no país de residencia

## 4 | MULLER ADULTA CON MX PRACTICADA

### ESPECIAL ATENCIÓN A:

- Establecer unha relación de confianza e linguaxe non culpabilizante.
- Preguntar pola MX e complicacións sufridas.

### ACTIVIDADE ASISTENCIAL

- **Avaliar** a mutilación e as súas complicacións físicas: cicatrices, elasticidade dos tecidos e psíquicas/emocionais: estado de ánimo, posible depresión, etc.
- **Explicar** os problemas de saúde que están relacionados coa práctica da mutilación.
- **Planificar** todas as actuacións realizables.
- **Derivar** aos servizos necesarios.

**NOTA:** se ten fillas ou irmás menores, planificar asistencia no Servizo de Pediatría